



O ROCHEDO PENINSULAR

A evolución xeolóxica determina que na Península poidan distinguirse varias **áreas litolóxicas** distintas, cada unha delas con diferentes **tipos de relevo** ou **modelado**:

- Área silíceo: modelado granítico
- Área calcaria: modelado cárstico
- Área arxilosa: modelado arxiloso

Relevo por erosión diferencial



Litología: Ciencia que estuda as características físicas e químicas das rochas. Forma parte da Xeoloxía.

Xeoloxía: Ciencia que estuda a forma interior e exterior do globo terráqueo.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima 5 puntos):

- a) Nomee as unidades do relevo sinaladas na figura 1 (1 punto).
- b) Identifique o tipo de modelado da figura 2 e a rocha predominante (1 punto).
- c) Complete os elementos enumerados do 1 ao 4 na figura 2 con algún dos seguintes termos: *Domo.- Coada de lava.- Lapiás.- Depósito piroclástico.- Pedra cabaleira.- Dolina.- Cráter principal.- Canón.- Tor.- Cono adventicio.- Sima.- Caos de bólas* (1 punto).
- d) Describa o proceso de formación deste tipo de modelado (1 punto).
- e) Explique a orixe desta área litolóxica en España (1 punto).



Figura 1




Figura 2

ESPAÑA SILÍCEA

Localización:

- Formada por rochas antigas da era Precámbrica e Primaria.
- Ocupa maioritariamente o oeste peninsular, estendéndose ademais polo occidente da Cord. Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena.
- Tamén se localiza noutras áreas con restos de macizos antigos: zona axial dos Pireneos, algúns sectores do Sistema Ibérico, o norte da Cord. Costeiro-Catalá e no Sistema Penibético.




Tipo de rocha predominante:

A rocha predominante é o **granito**, que é unha rocha **magmática plutónica**.




- É de cor clara, agrisallada e está integrada por grans de cuarzo, feldeespato e mica.
- É unha rocha **impermeable**, o que da lugar a unha rede hidrográfica en superficie moi densa.




As rochas ígneas ou magmáticas non se presentan en capas como as *sedimentarias*, senón en masas. Son rochas formadas no interior da Terra e proveñen do arrefriamento dos *magmas*, que son rochas fundidas que se atopan en *cámaras magmáticas* (depósitos profundos de formas e dimensións moi diversas). Podemos clasificar estas rochas en dous grandes grupos:

a) Plutónicas ou intrusivas: Neste tipo de rochas o magma solidifica na cámara magmática. Despois a erosión destrúe as rochas que hai enriba e a cámara magmática queda ao descuberto. O principal exemplo deste tipo de rocha é o granito.



b) Volcánicas: O magma fundido que chega á superficie por unha erupción volcánica chámase *lava*. O seu arrefriamento orixina este tipo de rochas. A principal rocha deste grupo é o basalto.




As **rochas metamórficas** son o resultado da transformación doutras rochas (ígneas, sedimentarias...). Tras verse sometidas a elevadas temperaturas e fortes presións, as rochas cambian a súa composición mineralóxica, química, a súa estrutura, textura... transformándose así noutras rochas: pizarras, mármore, cuarcitas... Este tipo de rochas son características da España silícea...



<u>Rochas metamórficas</u>		
Pizarra	Cuarcita	Mármol
		
metam. arxila	metam. arenisca	metam. caliza

Modelado granítico: o granito, rocha ríxida, presenta distintas formas de alteración:

► Nuns casos **o granito é alterado quimicamente** e en profundidade pola auga, os seus cristais descompóñense en **areas pardoamarentas** e dan lugar a relevos moi desgastados, cumes redondeados...




Solo areoso procedente da descomposición do granito



A descomposición química do granito da
lugar a relevos desgastados


► Noutros casos a alteración do granito prodúcese a partir dunha rede de diáclases ou fracturas:

→ Nas áreas de alta montaña as rochas rompen pola acción do xeo (*xelifracción*)... e iso da lugar á formación de cristas agudas e escarpadas no cume (*galaios*) e á aparición de pedregais ou canchais ao pé das ladeiras onde se acumulan os fragmentos de rochas.




Pireneos

Os Galayos, Serra de Gredos, Sistema Central




→ Nas zonas **menos elevadas**:

• Se a alteración se produce a partir dunha serie de diáclases paralelas á superficie, orixina a **escamación** da rocha, o que da lugar a unha paisaxe suavemente ondulada, de formas redondeadas, denominadas ***domos***.






Parque Natural da Pedriza, Madrid



- Se a alteración se produce a partir dunha serie de diáclases perpendiculares, fórmanse co paso do tempo bólas, que poden amorearse de forma moi diversa.


Serra de Gredos, Ávila



...fórmanse co paso do tempo *bólas*, que poden amorearse de forma moi diversa...

Barrocais ou pedregais na
Serra de Gredos, Ávila





Penas de Rodas, Outeiro
de Rei, Lugo

Os “Barruecos”,
Malpartida de Cáceres




O “Xigante” da Serra do Pindo, A Coruña




Serra do Pindo, A Coruña



Serra do Pindo, A Coruña





<https://www.berrocaminos.com/evolucion-del-paisaje-granitico>

